

A BIBLIOTECA DE FLORA



AS PERIPECIAS DE EXTRAVANGANZZA PÉREZ, de Leticia Costas. Ed. Xerais. Extravanganzza Pérez vive nunha casa que semella un zoolóxico. Os seus pais son dous biólogos de moita sona. Semellan estar algo tolos, pero queren aos animais e mais á súa filla pola vida. Un día marchan a unha expedición secreta deixando a Extravanganzza soa na casa. Ela está encantada. Vivir sen pais é o mellor que lle pode pasar a unha nena...

OS ECOS DO LUME, de Anxo Fariña. Ed. Xerais. Noa ten doce anos e parece que o único que lle importa é Internet e o que pensan dela os/as seus/súas compañeiros/as do instituto. Pero iso vai cambiar. Durante un terrible incendio perderá ao seu irmán pequeno nunha mámoa, que en realidade é o acceso ao increíble mundo Introterrestre. E isto é o principio...



SAFARI, de Maite Carranza. Ed. Edebé. Despois dun susto do zoo anos atrás, Dani deixou de falar. Coa esperanza de que recupere a fala, a súa familia decide ir de safari a África. Ao pouco de chegar, unha serie de acontecementos levan ao neno a quedarse desamparado na sabana africana. Unha femia chimpancé, Xúpiter, adoptará a Dani como fillo e abrialle as portas da súa nova familia de chimpancés...

LA NIÑA QUE SALVÓ A LOS LIBROS, de Klaus Hagerup. Ed. B de Block. Anna ten case 10 anos e encántalle ler. Gústalle tanto que Monsen, o bibliotecario, convertiuse nun dos seus mellores amigos. Un día, o seu amigo cóntalle a Anna que sucede cos libros que ninguén quere tomar prestados da biblioteca. Estes libros desaparecen, destrúense. Pero, que ocorre con quenes viven dentro deses libros?, se pregunta Anna, desaparecen tamén?



UN MAR DE PLÁSTICOS, de Kirsti Blom. Ed. Takatuka. Cada ano fabrícanse centos de toneladas de plástico, un 10% das cales vai parar ao mar. Isto provocou a formación de grandes illas de lixo. Este libro expón como o océano se está convertendo nun vertedoiro que afecta gravemente á saúde da fauna e flora mariñas.



A NENA E O GRILO MÁIS ALÓ, de Magín Blanco. Ed. Galaxia. Libro CD. Pódense cazar as estrelas fugaces? Aos esqueletos préstalles bailar? Ti que cres? Átrévete a descubri-lo nesta nova aventura da nena e o grilo. Desta volta, entre medos e risas, o teatro musical mergúllanos na maxia da fantasía.

FULGOR, de Budiño. Novo álbum no que o autor achega dez temas orixinais, compostos, producidos e cantados por el mesmo. As letras son de Budiño, da poeta Antía Otero e dos creadores Xael López e Vega.



¿DÓNDE ESTÁ WALLY?, de Ediciones B. Unha caixa metálica que contén os cinco primeiros libros deste popular personaxe que hai que buscar entre moitas outras persoas e obxectos.

LA CANCIÓN DEL MAR, película de Tomm Moore. Ben e Saoirse viven nun faro, na parte máis alta dunha pequena illa, co seu pai, que para protexelos dos perigos do mar envíaos a vivir coa súa avoa á cidade. Alí Ben descubre que a súa irmá pequena é unha Selkie, unha fada do mar, unha nena-foca que coa súa canción pode liberar aos seres máxicos do feitizo que lles fixo a Bruxa dos bufos...




E PARA OS/AS MAIORES...



ENSÉÑALE A PENSAR DIFERENTE, de M^a del Carmen Cardoso Parra. Ed. El Toro Mítico. É unha guía práctica imprescindible para todos/as aqueles/as que queiran coñecer e poñer en práctica as propostas, actividades e xogos das chamadas ensinanzas alternativas que tanto interese están despertando nos últimos anos en todo o mundo: Montessori, Waldorf, Escolas Democráticas e Libres...

INFAMIA, de Leticia Costas. Ed. Xerais. Emma Cruz, avogada e profesora de Dereito Penal, trasládase a Merlo para impartir clases na Universidade e descubre que ese lugar está marcado pola desgraza. A súa chegada coincide co 25 aniversario da desaparición das irmás Giraud, dúas nenas ás que semella que tragou a terra...




NO VERÁN,
TODOS E TODAS
A DISFRUTAR

CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN

XOVE

PARA LERLLES



NOSOTROS de Hector Dexet. Ed. Patio. Ofrece información sobre o corpo humano para os/as máis pequenos/as. Que diferenza hai entre nenos e nenas? Por onde pasa a comida? Para que serven os dentes? Onde están os bebés antes de nacer?

PORQUE TE QUERO MOITO, de Milja Praagman. Hércules Ediciones. Un álbum ilustrado que nos fala sobre o vínculo entre unha avoa e a súa neta.



O PIRATA VALENTE, de Ricardo Alcántara. Ed. Kalandraka. Que ocorre cando un intrépido pirata sobe ao pau maior do seu navío e, en pleno fragor da aventura, a súa nai chama por el para ir tomar a merenda? Fantasía e humor, en clave rimada para os/as máis cativos/as da casa

¡QUÉ VIENE EL LOBO!, de Stephanie Blake. Ed. Beascoa. Simón atopou a táctica perfecta para "escaquearse". No momento que lle piden cualquera cousa, o pequeno coello berra: "Que vén o lobo!", e todos/as saen correndo. Xa non ten que ordenar a súa habitación, facer os deberes ou bañarse! Pode facer o que lle veña en gana... Ata que... Queredes saber o que pasou un día?



OS TRES PORQUÍÑOS, de Xosé Ballesteros. Ed. Kalandraka. E soprou, e soprou o lobo... e as casiñas de palla e de madeira esborrallaron. Pero, a casa de pedra? Adaptación do conto popular, cunha proposta plástica chea de detalles.

GATIÑO E AS VACACIÓNS, de Joel Franz Rosell. Ed. Kalandraka. Á praia, á montaña, ao pobo, a outra cidade nun país extranxeiro... os/as amigos/as de Gatiño xa teñen plans para o verán. Imaxinan entre eles/as como serán as súas ansiadas vacacións; só Gatiño parece non ter claro que vai facer cando rematen as clases.





PRIMEIROS/AS LECTORES/AS



PIANO Á FUGA, de Juha Virta. Hércules Ediciones. Filippa e os/as seus/súas amigos/as atopan un piano no patio da casa. O gato Durmiñón múdase alí para vivir dentro del e o asno Antero úsao como café quiosco...


BENXAMÍN O CACHALOTE QUE QUERÍA SER GOLFIÑO, de Paula Carballeira. Ed. Triqueta verde. Na illa de Ons vive Benxamín, un pequen

o cachalote que devece por saltar, cantar e recitar poesía. Benxamín quere ser coma os golfinhos que son os únicos que o fan. Pero, por máis que Benxamín o intenta só a súa amiga, a tartaruga Minerva, que aínda que lle chaman boba é moi lista, o escoita e lle sorrí.




TUNTÚN, de Anya Damirón. Ed. Algar. Na selva hai un problema grande, mooooi grande! Pero os animais teñen demasiado medo para intentar descubrir quen é o ser misterioso que os aterroriza cada día. Grazas a unha valente avespa, todo cambia inesperadamente.

MORRIS MILPÉS, de Mick Fitzmaurice. Ed. Xerais. O soño de Morris Milpés é converterse en bailarín de ballet, pero a súa familia, que vive en Coles de Bruxelas nunha casiña feita de follas de cabaza, rise del. Como demo vai poder bailar un milpés? Non obstante, Morris aspira a ser o primeiro milpés que forme parella de baile coa dama Arácnida Arañeira, a famosa bailarina de ballet...




MIRA AL CIELO, de José Ramón Alonso. Ed. Juventud. Cantas estrelas hai no Universo? Quen inventou o primeiro telescopio? Que animais viaxaron ao espazo? Neste álbum, atoparás as respostas a estas preguntas e a moitas outras sobre o fascinante mundo da exploración espacial. Mira ao ceo e viaxa ás estrelas!

LECTORES/AS EN MARCHA




LÚA EN NINGURES, de Beatriz Macecda. Ed. Xerais. Unha emotiva historia sobre os dereitos humanos e a vida dos/as nenos/as nos campos de refuxiados. As casas da rúa que Lúa percorría todos os días empezaron a desaparecer, esnaquizadas. Lúa e a súa familia vense na obriga de fuxir do horror da guerra e instálanse en Ningures, un campo de refuxiados/as onde semella que xa non queda esperanza.

NON TRABES NA LINGUA, de Antón Cortizas. Ed. Galaxia. Libro de trabalinguas. A lingua hai que coidala, e non trabar nela, porque é un ben grande que temos. Un agasallo que o autor nos fai facendo o que mellor sabe facer: xogar coas palabras para trabarnos... no corazón.



EL GUARDIÁN DEL ÁRBOL, de Myriam Ouyessad. Ed. Juventud. Minoa a anciana do pobo, á que moitos temen ou chaman bruxa, conserva un tesouro: unha semente enorme e brillante coma o ouro, a semente da árbore única... Un álbum inspirado na obra do pintor Gustav Klimt.

SARA TEN UN SEGREDO, de Ramón Caride. Ed. Xerais. A vida de Sara, unha meniña de sete anos, está a piques de sufrir unha mudanza repentina. Algo abraiante vai sucederlle cando un día, atope un estraño tareco no sitio menos pensado. Pero... que é un tareco?, que ten de particular o tareco de Sara que non posúen os outros tarecos?



PIONEIRAS 2, de Anaí Rodríguez. Ed. Xerais. O segundo volume de Pioneiras fala de máis mulleres que foron donas de si. Galegas que viviron á marxe do que a sociedade do momento lles marcaba e que fixeron grandes contribucións sociais e conquistaron dereitos para as xeracións futuras.